




# DA POBRA A BOIRO

Adela Leiro, Mon Daporta  
agosto 2018



Distancia: 8 km (lineal)

Dificultade: baixa



A Pobra do Caramiñal

Un tramo da costa que non se ve nin se goza desde a estrada porque o ocultan as árbores e as edificacións. Non ten grandes elementos de destaque, pero si pequenos detalles que compensan o esforzo como as sobreiras da praia do Pozo do Fraile, algunhas formas ou grupos de rochas, o cruceiro do Conchido, Escarabote - a localidade e o porto- e, no remate, o seo que acolle os máis de 3 km de areais que hai entre o río Coroño e o peirao do Esteiro. Imprescindible marea baixa, botas de monte e bastóns porque non hai camiños nin careiros polos que andar e hai que moverse por onde sexa posible; o traxecto ten tramos irregulares, con subidas e baixadas por pedras, areais que desaparecen case por completo cando sube a marea e accesos pouco doados.

## PERCORRIDO

Saímos da **Pobra** pola beira da estrada, é imposible facelo pola beira do mar porque o impiden o valado do porto e as edificacións. Os primeiros achegamentos ao mar podemos facelos se nos desviamos á **punta Saleira** e logo á **praia de san Lázaro**, pero hai que volver á estrada para pasar os **ríos Pedras e Lérez**. Pasada a ponte do río Lérez collemos cara á **praia de Raposiños** á que baixamos polo camiño que beirea a fábrica de conservas e desde aquí ata Escarabote xa camiñamos todo o tempo pola beira do mar. Pasamos da praia de Raposiños á **praia dos Cons**, logo a **punta da Mercé**, as **praías da Fonte da Ría** e do **Pozo do Fraile**, outra punta rochosa, a **praia da Ribeiriña**, o **peirao do Freixo**, a **punta do Toxal** detrás da que se atopa a **praia da Poza**, aquí unha instalación industrial abandonada obríganos a subir á estrada no Conchido, pasamos logo a **praia do Campo** e a **praia do Conchido** -onde desemboca o rego que marca o linde entre os concellos de A Pobra e Boiro-, e ao dobrar a **punta do Costadal** xa temos diante o porto de Escarabote. Pasado o **porto de Escarabote** podemos volver á beira e subir logo, ao pé da ponte, á estrada para cruzar o **esteiro do río Coroño** ou continuar xa polas rúas e a estrada ata chegar as praias de Boiro (**Praia do Río, Praia Xardín e Barraña**).

Uns 8 km de percorrido facendo camiño por onde non o hai para percorrer a distancia, e coñecer o espazo, que hai entre o centro da Pobra do Caramiñal e o aparcadoiro da praia Xardín en Boiro.



Unha pequena praia no remate da área portuaria da Pobra do Caramiñal



Punta Saleira e praia de San Lázaro




Pta. S Lázaro. Esteiro do río Pedras



Pta Gaivoteira e praia Raposiños



Praia dos Cons (A Lomba)



Punta da Mercé e illote do Touro



Praia de Fonte da Ría



Praia do Pozo do Frade



Sobreiras na praia do Pozo do Frade



Praia da Ribeiriña



O Freixo. Praia da Poza




Praia do Campo (Conchido)



Punta do Costadal



Praias de Escarabote



Praias de Boiro: O Río e Xardín, e Pedra Sartaña